



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

DON JULIO GONZÁLEZ CASANOVA, SECRETARIO DO CONCELLO DE FRIOL, PROVINCIA DE LUGO,

CERTIFICO:

Que pola Xunta de Goberno Local, en sesión Ordinaria correspondente ao día dez de xullo dous mil quince, adoptouse, entre outros, o acordo que se transcribe a continuación:

"CAFETERÍA DO CLUB FLUVIAL DE FRIOL.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do expediente incoado en relación coa adxudicación da Cafetería do Club Fluvial de Friol. Á vista do acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 18 de maio do actual, prestouse aprobación aos pregos de condicións administrativas e técnicas que rexerán a adxudicación polo procedemento aberto, publicándose anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no Perfil do Contratante.

Á vista da documentación obrante no expediente, das propostas e documentación presentadas polos participantes, da proposta da mesa de contratación, así como do disposto na lexislación vixente de contratos do sector público e das consideracións ao respecto, a Xunta de Goberno Local, acordou requirir a Don José Manuel Corral Santos en canto oferta máis ventaxosa, a presentación da documentación administrativa prevista nos pregos, a documentación acreditativa de atoparse ao corrente nas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, así como á garantía definitiva da contratación. Á vista da documentación presentada, do disposto na lexislación vixente e das consideracións ao respecto, a Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade **ACORDA:**

- Adxudicar a explotación da cafetería do Club Fluvial de Friol, a Don José Manuel Corral Santos, en canto a oferta máis ventaxosa, de conformidade co establecido nos pregos polo importe mensual de 250€ mais o I.V.E. correspondente, polo prazo de dous anos, prorrogable por outros dous, de conformidade co previsto nos pregos de condicións. Deberá prestar o servizo de conformidade co disposto na oferta presentada, no referente á organización do servizo e plan de traballo, medios materiais que dedicará á execución do contrato, réxime de apertura e horarios e difusión da titularidade do concello.
- Notificar o presente acordo aos que participaron no procedemento. O adxudicatario, procederá dentro do prazo establecido á formalización do contrato administrativo, debendo ter en conta o cumprimento do establecido nos pregos de condicións e na oferta presentada, en canto á execución do contrato, así como dar cumprimento ás disposicións vixentes en relación coas actuacións obxecto do contrato.
- Proceder á publicación da adxudicación no Perfil do Contratante e no Boletín Oficial da Provincia, así como da súa formalización e a remisión dos datos ao Rexistro de Contratos.
- Facultar ao Sr. Alcalde, para a realización das xestións e a sinatura da documentación que sexa precisa en orde á efectividade do presente acordo, así como á execución das obras".

E para que así conste expido a presente de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde-Presidente, en Friol, a quince de xullo dous mil quince.

